

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dña. Raquel Caruncho Corral.
D. José Simoes Couceiro.
Dña. Yolanda Vázquez Busto.
Dña. Silvia Fornos Permuy.
Dña. Marta Pico Machado.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dña. María Carmen Piñeiro Varela.
Dña. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dña. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asisten:

D. Pedro Amado Sanmartín.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Secretaria

D^a. Ana Ramos Ramos.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 27.09.2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 27.09.2018.

(Expediente TEdC: 2018/G006/0000152)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 27.09.2018.

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

PRIMEIRO. *Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

- Ordinaria de 27.09.2018.

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*



Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 22 de outubro de 2018."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador.

Non habendo intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ana María Veira García; e **2 abstencións** de D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. María Carmen Piñeiro Varela, por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 27.09.2018.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 22 DE OUTUBRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000011

SESIÓN Nº: 32/2015-2019

2.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6.

(Expediente TEdC: 2018/G006/000147)

Visto o expediente tramitado para modificar créditos na modalidade de transferencia de crédito, por un importe total de 100.000 euros dentro do vixente orzamento municipal, correspondente á modificación de crédito número 24

Considerando o disposto no artigo 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento, concretamente na base número 12,

Visto o informe favorable de Intervención de referencia 166/2018, asinado dixitalmente o 16 de outubro, e

Considerando a finalidade do presente expediente, que é a de outorgar cobertura orzamentaria para de incrementar o crédito para atender os maiores custos na prestación de determinados

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

servizos ca os previstos inicialmente no orzamento, a saber: recollida de lixo, enseres e reforzos de limpeza viaria, así como para mantemento e subministración de enerxía eléctrica do alumado público utilizando como recurso para o seu financiamento créditos do capítulo 1 de postos vacantes da área de gasto 9,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu DITAME pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6 segundo o seguinte:

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
163.22700	5.000	931.12003	15.000
165.22100	15.000	931.12100	13.000
165.22710	65.000	931.12101	20.000
1621.22799	10.000	931.16000	10.000
1622.22713	5.000	920.12000	10.000
		920.12100	12.000
		920.12101	14.000
		920.13000	6.000

SEGUNDO: Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente na data indicada na marxe, polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **3 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando a proposta. D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular di que as empresas deben de cobrar polos subministros realizados, pero que se debe de facer o prego de prescricións axeitado, polo que votarán en contra, para que se fagan as cousas ben.

De seguido, intervén Dna. Ana Veira García, quen di que é a falta de operatividade a que que leva á tramitación deste tipo de expedientes. Anuncia que o voto do BNG será a abstención.

O Sr. Alcalde di que as intervención que se veñen de facer son máis típicas dun recoñecemento e non dun modificado xa que se trata de fondos que non se van gastar e que, por tanto, se habilita o crédito noutras partidas.



A Sra. Veira García xustifica a abstención en que se trata dunha reorganización que fai o goberno e que podía ser doutro xeito, non compartindo as prioridades.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **4 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e. **1 abstención** da representante do Grupo Municipal do BNG: Dna. Ana María Veira García, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6 segundo o seguinte:

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
163.22700	5.000	931.12003	15.000
165.22100	15.000	931.12100	13.000
165.22710	65.000	931.12101	20.000
1621.22799	10.000	931.16000	10.000
1622.22713	5.000	920.12000	10.000
		920.12100	12.000
		920.12101	14.000
		920.13000	6.000

SEGUNDO: Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

3.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2019.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 22 DE OUTUBRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000012

SESIÓN Nº: 33/2015-2019

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2019.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdE: 2018/G006/000146)

Tendo en conta a necesidade da determinación por acordo Plenario das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano de 2019, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

Se ben tradicionalmente, as datas escollidas neste municipio son os días 8 e 10 de setembro, coincidindo coa celebración das "Festas das Peras" e tendo en conta que o día 8 de setembro coincide en domingo e por tanto, non laborable.

Esta Alcaldía somete á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu **DITAME**:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2019 as seguintes datas:

- Mércores 8 de maio (San Miguel de Breamo)

- Martes 10 de setembro. (Festas das Peras)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

Non obstante, o pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume, á data sinalada na marxe."

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos **por 4 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do Grupo Municipal do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire."

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando a proposta de acordo.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), quen anuncia o voto a favor do seu grupo á proposta de acordo.

De seguido, intervéñ Dna. Ana Veira García, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), quen indicando que o voto será a favor, pregunta polo motivo do cambio de criterio ao respecto do ano pasado.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro, quen indica que este ano se optou por esta data porque non houbo moita variación.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2019 as seguintes datas:



- Mércores 8 de maio (San Miguel de Breamo)

- Martes 10 de setembro. (Festas das Peras)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

4.- DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DA GÁNDARA (NOGUEIROSA. PONTEDEUME).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 22 DE OUTUBRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000012

SESIÓN Nº: 33/2015-2019

3.- DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DA GÁNDARA (NOGUEIROSA. PONTEDEUME).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DA GÁNDARA (NOGUEIROSA. PONTEDEUME).

(Expediente TEdC: 2018/X999/000126)

Acreditada a titularidade municipal da Antiga Escola da Gándara (Nogueirosa. Pontedeume), e da natureza xurídica daquela de Dominio Público-Servizo Público, afecto ao uso Educativo-Docencia.

Redactado o proxecto de obra para a "Reforma interior e mellora de accesibilidade de Escola Infantil en Nogueirosa", que se atopa en tramitación e que é considerado conveniente ao interese público debido a que o uso educativo non se está a exercer no edificio e de ahí que sexa conveniente darlle un uso alternativo ao mesmo para ser adicado a centro sociocultural.

Incoado procedemento por medio de providencia da Alcaldía de data 17/10/2018.

Visto o certificado do inventario emitido pola Secretaria de data 17/10/2018 da Antiga Escola da Gándara Nogueirosa.

Visto o informe xurídico sobre o procedemento a seguir e a lexislación aplicable de data 17/10/2018.

*Considerando a lexislación aplicable ao procedemento e realizada a tramitación legalmente establecida, proponse ao Pleno, organo competente, previo ditame da comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO. - Aprobar inicialmente a desafectación e mutación demanial da Antiga Escola da Gándara Nogueirosa, coa natureza xurídica de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia modificando o mesmo a medio da tramitación do presente expediente para ser destinadas a uso sociocultural.

SEGUNDO. Solicitar autorización previa ao departamento Territorial da Coruña da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria segundo o procedemento establecido no Real Decreto 3186/1978 de 1 de decembro.

TERCEIRO. Unha vez obtida a autorización antedita, publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Ponte deume, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamación e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [dirección <https://www.pontedeume.gal>].

CUARTO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

QUINTO. Cuando o Acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens e no Rexistro da Propiedade o cambio de uso e co fin de que se realicen as anotacións correspondentes. Ademais, para a súa efectividade se redactará o correspondente acta que será suscrita por ambas administracións, de ser o caso.

SEXTO. Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para la firma de todos los documentos relacionados con este asunto.

Asinado dixitalmente na data indicada na marxe polo Sr Alcalde D Bernardo Fernández Piñeiro."

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos **por 4 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do Grupo Municipal do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire."

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que se trata dun paso imprescindible para a licitación de obras con subvención e que, neste caso, se pensaba que o ben xa estaba desafectado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do PP, pregunta se a veciñanza da parroquia está de acordo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta indicando que a parroquia pensaba que xa estaba desafectada.

O Sr. Crespo Romeo da conta do motivo da súa pregunta, dando conta da loita da asociación de veciños hai uns anos xa que, nos convenios polos que se entregaron estes bens para o uso educativo, se recolle que, no momento en que se desafectara o seu uso, o ben revirtería na parroquia, motivo polo que xurde a pregunta.



O Sr. Presidente da conta da inscrición da escola no inventario municipal de bens e indica que a problemática que xurdiu foi derivada da posibilidade de que no local se fora construír unha escola infantil e a asociación non quería perder o local. Di que a situación a día de hoxe é distinta, xa que se vai regularizar o uso, que xa está a ter, como local social.

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García, que explica o movemento social xurdido ante a posibilidade de que se instalara unha escola infantil na época do bipartido, coa conseguinte perda de servizos para a veciñanza. Di que lle chama a atención que dende o PP se estea a cuestionar que se está a facer algún mal xa que do edificio está a facer un uso social.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o proxecto se redactou coas indicacións da Asociación de Veciños.

O Sr. Crespo Romeo xustifica a súa pregunta en tanto que está a expoñer unha situación que se deu no seu día, chegando a haber unha reclamación por escrito.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a desafectación e mutación demanial da Antiga Escola da Gándara Nogueirosa, coa natureza xurídica de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia modificando o mesmo a medio da tramitación do presente expediente para ser destinadas a uso sociocultural.

SEGUNDO. Solicitar autorización previa ao departamento Territorial da Coruña da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria segundo o procedemento establecido no Real Decreto 3186/1978 de 1 de decembro.

TERCEIRO. Unha vez obtida a autorización antedita, publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Pontedeume, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamación e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [dirección <https://www.pontedeume.gal>].

CUARTO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

QUINTO. Cuando o Acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens e no Rexistro da Propiedade o cambio de uso e co fin de que se realicen as anotacións correspondentes. Ademais, para a súa efectividade se redactará o correspondente acta que será suscrita por ambas administracións, de ser o caso.

SEXTO. Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para la firma de todos los documentos relacionados con este asunto.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia proponse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, dos asuntos seguintes:

- DAR CONTA DA SINATURA DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL

- ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

De seguido, O. Sr. Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, do primeiro dos asuntos:

- DAR CONTA DA SINATURA DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL

coa conseguinte inclusión do asunto na orde do día para a adopción do respectivo acordo, de ser o caso, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DA SINATURA DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.

(Expediente: 2018/G006/000158)

Asinado o “Convenio de colaboración entre a Consellaría de Economía, Emprego e Industria, a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume para a reforma e ampliación do Mercado Municipal” en data 07.11.2016.

Asinada a Addenda ao dito Convenio de colaboración en data 15.12.2017, acto do que se deu conta ao Pleno do Concello celebrado en data 25.01.2018.

Proposta unha segunda Addenda, asinada en data 21.09.2018, documento que acompaña ao oficio da Dirección Xeral de Comercio e Consumo con rexistro de entrada nº 4589 de 04.10.2018, cuxo texto se transcribe, no seu literal:

“SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACION DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REFORMA E AMPLIACION DO MERCADO MUNICIPAL

En Santiago de Compostela, a vinteún de setembro de dous mil dezaoit.

Dunha parte D. Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 148/2016, de 13 de novembro, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1993, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Don Xosé Regueira Varela, deputado responsable da Área de Cooperación cos concellos da Deputación provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da dita corporación, por delegación do seu presidente D. Valentín González Formoso, realizada mediante Resolución de presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, en relación co art. 34 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente do concello de Ponte deume, que actúa en nome e representación do dito concello, e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no art. 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL),



modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, así como o establecido no acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 5 de novembro de 2015, no punto 2.- PAS convenios, 2015, obra rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume.

As partes, na representación que ostentan teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que con data 7 de novembro de 2016, subscribiuse un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Pontedeume para a reforma e ampliación do mercado municipal.

SEGUNDO: Que a cláusula segunda do referido convenio de colaboración establece a distribución por anualidades e cantidades seguintes

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	373.358,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.436.635,00.-
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00.-

TERCEIRO: Que a través de addenda asinada en data quince de decembro de dous mil dezasete se estableceu a proposta de anualidades , quedando da seguinte forma:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	49.281,36.-	0,00.-	0,00.-	49.281,36.-
2018	324.076,64.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.387.353,64.-
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00.-

CUARTO: O Concello de Pontedeume con data 20.07.2018 solicitou a Dirección Xeral de Comercio e Consumo unha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume para a reforma e ampliación do mercado municipal asinado o 7 de novembro de 2016, para que as partes correspondentes a Deputación Provincial de A Coruña e ao Concello de Pontedeume, pertencentes ao investimento da anualidade 2018 se traslade ao ano 2019, manténdose invariable a correspondente a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

QUINTO: A Comisión de Seguemento do convenio, na sesión celebrada o 30 de xullo de 2018 aprobou unha nova proposta de anualidades, quedando establecida da seguinte forma:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	49.281,36.-	0,00.-	0,00.-	49.281,36.-
2018	324.076,64.-	0,00.-	0,00.-	324.076,64.-
2019	0,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.063.277,00.-
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00.-

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto desta addenda ao convenio é a determinación das novas anualidades orzamentarias que se precisan para executar as obras de reforma e ampliación do mercado municipal de Ponte deume, a modificación da data límite de xustificación e a data de vixencia do convenio.

1º.- Como consecuencia disto, a cláusula segunda do convenio de colaboración, no parágrafo terceiro, queda redactada como segue:

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E ANUALIDADES

Ao aplicar a distribución porcentual recollidas no parágrafos anteriores resulta a distribución por anualidades e cantidades seguintes:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA	DA CONCELLO DE PONTEDEUME	DE TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	49.281,36.-	0,00.-	0,00.-	49.281,36.-
2018	324.076,64.-	0,00.-	0,00.-	324.076,64.-
2019	0,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.063.277,00.-
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00.-

2º.- A cláusula quinta no seu parágrafo primeiro queda redactada como segue:

QUINTA.- XUSTIFICACION E PAGAMENTO

1.1.1 A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para cadansúa anualidade 2016, 2017, 2018 e 2019, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.

3º.- A cláusula décima do convenio queda redactada como segue:

DECIMA. VIXENCIA

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 30 de decembro de 2019, sen que se prevea a posibilidade de prórroga do mesmo.

SEGUNDA.- Esta addenda incorpórase ao convenio de colaboración suscrito o 7 de novembro de 2016, quedando vixentes as demais cláusulas do mesmo.

E, en proba de conformidade, subscríbese esta addenda ao convenio no lugar e data arriba indicados, por duplicado exemplar e para un único efecto, quedando un deles en poder de cada unha das partes.

POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. O conselleiro

DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA. O deputado

POLO CONCELLO DE PONTEDEUME. O alcalde"



Dáse conta da sinatura da Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellaría de Economía, a Deputación de A Coruña e o Concello de Pontedeume, transcrita.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe. “

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

A continuación, O. Sr. Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, do primeiro dos asuntos:

- ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

coa conseguinte inclusión do asunto na orde do día para a adopción do respectivo acordo, de ser o caso, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

(Expediente: 2018/G006/000157)

Adoptado polo Pleno do Concello de Pontedeume, celebrado en sesión extraordinaria e urxente de data 16.09.2016, o acordo relativo ao “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume”, e asinado este en data 21.11.2016.

Recibida por correo electrónico en data 22.10.2018 rexistro de entrada nº4856 de 23.10.2018, a proposta de “Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume”, e texto rectificativo desta en data 25.10.2018, rexistro de entrada 4895 de 25.10.2018.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a “Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume”, cuxo texto se transcribe no seu literal:

“ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto nos artigos 13 e 18 dos estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, actuando en representación do Concello de Ponte deume, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Ambas as partes, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para subscribir a presente Addenda e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- Que con data do 21 de novembro de 2016 foi asinado o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Ponte deume.

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000 euros, tal e como se establece na cláusula 5ª do convenio e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista.

De conformidade coas previsións contidas nesta mesma cláusula do devandito convenio de colaboración, o Concello de Ponte deume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2017 as cantidades correspondentes ás achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono das ditas cantidades no ano 2017.

II.- Que non sendo posible a realización das obras obxecto do financiamento nos prazos inicialmente previstos, as partes asinantes consideran necesario acometer un reaxuste das anualidades previstas no convenio, co fin de adaptalas ás posibilidades de execución así como ás previsións orzamentarias para tal fin, no exercicio 2019.

III.- Que consonte o anterior, resulta necesario adaptar tamén as previsións contidas no convenio á duración estimada para a execución das obras que se realizarán ao abeiro deste.

IV.- Que en consecuencia procede a tramitación dunha Addenda ao convenio orixinal asinado con data do 21 de novembro de 2016 de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.

Modifícanse as cláusulas quinta e sétima do convenio de colaboración asinado o 21 de setembro de 2016, e mantense en vigor a mesma redacción da totalidade das demais cláusulas do convenio orixinal.

a) A cláusula QUINTA queda redactada como segue:

QUINTA.- A inversión total para a reforma e ampliación da Escola infantil estímase na cantidade de 674.272,50 €, incluíndose neste importe os gastos de honorarios de redacción de proxectos e direccións de obra, consonte á seguinte distribución.

CONCEPTO	IMPORTE (ive engadido)
Obra (segundo proxecto)	605.000,00 €
Redacción Proxecto Básico e Execución	18.000,00 €
Honorario Dirección obra	21.780,00 €
Honorario Dirección execución material	21.780,00 €
Honorario Estudio xeotécnico	5.595,00 €
Honorario Estudio topográfico	2.117,50 €
Total	674.272,50 €

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000.- € e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista. A estes efectos computaranse os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación.



A achega do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizarase con cargo á partida 12 90 313B 6220 dos seus orzamentos para o ano 2019.

Esta achega financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Investimento: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1. Neste sentido, as partes comprométese a asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FEDER de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

A sinatura do presente convenio supón a aceptación a ser incluído na listaxe pública que se recolle no artigo 115, apartado 2º do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

Os pagamentos do Concello ao Consorcio efectuaranse previa xustificación do gasto realizado, consonte o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento do anterior, para o que o Consorcio deberá presentar os correspondentes xustificantes de gasto debidamente certificados polo órgano competente.

No suposto que a inversión prevista supere a cantidade estimada na cláusula V, a financiación do exceso se realizaría asumindo o Consorcio o 50 % da cantidade resultante e o Concello o outro 50 %.

As modificacións que supoñan unha alteración no proxecto e que conleven o incremento ou diminución da contía das obras, deberán contar coa aprobación previa do Concello.

O Concello de Pontedeume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2019 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2019.

As anteditas obrigas estarán condicionadas a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no seu momento, para facer fronte as mesmas por parte do Concello de Pontedeume.

A estes efectos, a aportación do Concello de Pontedeume computará os gastos que o Concello xa ten feito redacción do estudo xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación, así como a diferenza respecto a aportación do Consorcio no importe total da execución da obra, segundo a táboa de distribución prevista no presente convenio e coa proporcionalidade igualmente establecida en canto ós posibles excesos.

As cantidades a aportar polo Concello de Pontedeume e referidas a execución da inversión, faranse efectivas previa xustificación da súa realización.

b) A cláusula SÉTIMA queda redactada como segue:

SÉTIMA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, polo tempo adicional que sexa necesario para a completa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, e previa a tramitación dos correspondentes axustes orzamentarios e contables. En ningún caso, a duración do convenio poderá exceder dos límites que se establecen no artigo 49.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segunda.

Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura

E en proba de conformidade cos seus termos, as partes comparecentes asinan a presente addenda por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, ... de ... de 2018
O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO
DE SERVIZOS DE IGUALDADE
E BENESTAR

José Manuel Rey Varela

O ALCALDE DO CONCELLO DE
PONTEDEUME

Bernardo Fernández Piñeiro”

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do Concello de Pontedeume para a sinatura da Addenda Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

escola infantil no Concello de Ponte deume”, transcrita no primeiro punto do acordo e demais trámites e xestións que deste se deriven.

TERCEIRO.- Comprometerse o Concello de Ponte deume a reflectir nos créditos orzamentarios do exercicio 2019 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto no clausulado do convenio coa súa adenda, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2019.

CUARTO.- Dar conta da adopción do presente acordo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aos efectos oportunos e ao departamento de Intervención Municipal debido aos efectos económicos do presente acto administrativo.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate indicando que por parte do consorcio se vai licitar a obra a finais de ano e que por tanto, non vai haber execución, polo que é preciso pasar as aportacións para o ano 2019, cando se execute.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte advirte que hai un erro no pe de firma do texto da adenda transcrito, no que respecta á persoa que ocupa a Presidencia do organismo autonómico.

Dña. Ana Veira García pregunta polos gastos relativos á dirección de obra e á persoa que a exercería, así como polos créditos do Concello.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que son importes calculados sobre o orzamento de execución e indica que, nas obras grandes, se contrata fóra. Sobre a aportación municipal, o Sr. Presidente indica que a o gasto xa estaba orzamentado e que habería que pasalo ao orzamento de 2019. Indica que a cifra non vai ser a orzamentada, unha vez licitada a actuación.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a “Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Ponte deume”, cuxo texto se transcribe no seu literal, tendo en conta que no pe de firma se rectifique a errata do nome do conselleiro asinante conforme ao encabezamento da addenda:

“ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto nos artigos 13 e 18 dos estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.



Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, actuando en representación do Concello de Pontedeume, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para subscribir a presente Addenda e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- Que con data do 21 de novembro de 2016 foi asinado o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume.

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000 euros, tal e como se establece na cláusula 5ª do convenio e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista.

De conformidade coas previsión contidas nesta mesma cláusula do devandito convenio de colaboración, o Concello de Pontedeume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2017 as cantidades correspondentes ás achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono das ditas cantidades no ano 2017.

II.- Que non sendo posible a realización das obras obxecto do financiamento nos prazos inicialmente previstos, as partes asinantes consideran necesario acometer un reaxuste das anualidades previstas no convenio, co fin de adaptalas ás posibilidades de execución así como ás previsións orzamentarias para tal fin, no exercicio 2019.

III.- Que consonte o anterior, resulta necesario adaptar tamén as previsións contidas no convenio á duración estimada para a execución das obras que se realizarán ao abeiro deste.

IV.- Que en consecuencia procede a tramitación dunha Addenda ao convenio orixinal asinado con data do 21 de novembro de 2016 de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.

Modifícanse as cláusulas quinta e sétima do convenio de colaboración asinado o 21 de setembro de 2016, e mantense en vigor a mesma redacción da totalidade das demais cláusulas do convenio orixinal.

a) A cláusula QUINTA queda redactada como segue:

QUINTA.- A inversión total para a reforma e ampliación da Escola infantil estímase na cantidade de 674.272,50 €, incluíndose neste importe os gastos de honorarios de redacción de proxectos e direccións de obra, consonte á seguinte distribución.

CONCEPTO	IMPORTE (ive engadido)
Obra (segundo proxecto)	605.000,00 €
Redacción Proxecto Básico e Execución	18.000,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Honorario Dirección obra	21.780,00 €
Honorario Dirección execución material	21.780,00 €
Honorario Estudio xeotécnico	5.595,00 €
Honorario Estudio topográfico	2.117,50 €
Total	674.272,50 €

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000.- € e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista. A estes efectos computaranse os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación.

A achega do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizarase con cargo á partida 12 90 313B 6220 dos seus orzamentos para o ano 2019.

Esta achega financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Inversión: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1. Neste sentido, as partes comprométese a asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FEDER de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

A sinatura do presente convenio supón a aceptación a ser incluído na listaxe pública que se recolle no artigo 115, apartado 2º do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

Os pagamentos do Concello ao Consorcio efectuaranse previa xustificación do gasto realizado, consonte o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento do anterior, para o que o Consorcio deberá presentar os correspondentes xustificantes de gasto debidamente certificados polo órgano competente.

No suposto que a inversión prevista supere a cantidade estimada na cláusula V, a financiación do exceso se realizaría asumindo o Consorcio o 50 % da cantidade resultante e o Concello o outro 50 %.

As modificacións que supoñan unha alteración no proxecto e que conleven o incremento ou diminución da contía das obras, deberán contar coa aprobación previa do Concello.

O Concello de Ponte deume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2019 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2019.



As anteditas obrigas estarán condicionadas a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no seu momento, para facer fronte as mesmas por parte do Concello de Pontedeume.

A estes efectos, a aportación do Concello de Pontedeume computará os gastos que o Concello xa ten feito redacción do estudo xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación, así como a diferenza respecto a aportación do Consorcio no importe total da execución da obra, segundo a táboa de distribución prevista no presente convenio e coa proporcionalidade igualmente establecida en canto ós posibles excesos.

As cantidades a aportar polo Concello de Pontedeume e referidas a execución da inversión, faranse efectivas previa xustificación da súa realización.

b) A cláusula SÉTIMA queda redactada como segue:

SÉTIMA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, polo tempo adicional que sexa necesario para a completa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, e previa a tramitación dos correspondentes axustes orzamentarios e contables. En ningún caso, a duración do convenio poderá exceder dos límites que se establecen no artigo 49.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segunda.

Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura

E en proba de conformidade cos seus termos, as partes comparecentes asinan a presente addenda por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, ... de ... de 2018

Debe dicir:

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO
DE SERVIZOS DE IGUALDADE
E BENESTAR

O ALCALDE DO CONCELLO DE
PONTEDEUME

José Manuel Rey Varela

Bernardo Fernández Piñeiro"

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do Concello de Pontedeume para a sinatura da Addenda Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume", transcrita no primeiro punto do acordo e demais trámites e xestións que deste se deriven.

TERCEIRO.- Comprometerse o Concello de Pontedeume a reflectir nos créditos orzamentarios do exercicio 2019 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto no clausulado do convenio coa súa adenda, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2019.

CUARTO.- Dar conta da adopción do presente acordo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aos efectos oportunos e ao departamento de Intervención Municipal debido aos efectos económicos do presente acto administrativo.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dende a Presidencia indícase a presentación por parte do Grupo Municipal do BNG de dúas mocións pola vía de urxencia, as seguintes:

- MOCIÓN EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE

- MOCIÓN SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO.

De seguido, intervén a Sra. Portavoz do BNG, quen di que son mocións complementarias, unha derivada da outra, pasando a dar lectura ao texto da primeira das mocións, **- MOCIÓN EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE**, cuxo texto se transcribe no seu literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interompibilidade por un marco máis estábel, demanda tamén do propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de extrema actualidade. Poñer solución a esta crise e aos graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo depende de decisións políticas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.**
- 2. Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:**
 - a) Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.**
 - b) Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.**
 - c) Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.”**

Concluída a lectura, a Sra. Veira García fai referencia ao acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galicia e alude ao plan da empresa, que pode afectar a outras, co



desmantelamento do tecido industrial importante. Solicita o apoio a esta moción en apoio aos traballadores e traballadoras e que non peche a empresa, e que se demande unha solución.

De seguido toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen anuncia o total apoio á moción e o voto a favor.

A continuación, D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE intervén facendo referencia á posible perda de postos de traballo indirectos, fóra da empresa, anunciando o total apoio á proposta.

Concluídas as intervencións, a Presidencia somete a votación a URXENCIA, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E A INLCUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

1. **Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.**
2. **Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:**
 - a) **Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.**
 - b) **Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.**
 - c) **Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.**

De seguido, Dña. Ana Veira García, da lectura ao texto da segunda das mocións, - **MOCIÓN SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO**, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adjudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentir o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.



Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

- 1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.**
- 2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atender contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.**
- 3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción. “**

A Sra. Veira García fai referencia á redución de tarifa polo impacto que se estableceu noutras partes do estado, como Euskadi, que atribúe ao bo facer dos políticos que buscan a maneira de ter melloras para a súa comunidade, chegando a acordos entre os distintos grupos políticos que derivaran nunha redución, fronte a Galiza, onde Presidente di que non se pode facer, polo que considera que o discurso deste quedou baleiro de contido. Considera necesario modificar a situación para que as empresas sigan funcionando e que se produza reversión dos custos sociais, medioambientais... e que é para isto que presenta esta moción e para que a Xunta o demande.

A Presidencia somete a votación a URXENCIA, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E A INLCUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP, manifesta o total apoio á moción e anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Alcalde-Presidente di que comparten os acordos da moción pero propón, na exposición de motivos, un cambio de redacción, conforme ao seguinte:

Onde di:

“Desde o BNG defendemos que que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.”

Que diga:

“Desde o BNG defendemos que que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación inxusta e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.”

Dña. Ana Veira García, portavoz do grupo propoñente da moción acepta a modificación.

A maiores, o Sr. Fernández Piñeiro, propón outra modificación do texto, conforme ao seguinte:

No parágrafo que di:

“Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, non tivo en conta suficientemente a solidariedade interterritorial en materia enerxética e que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.”

Que diga:

“Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.”

Aceptada a segunda das propostas pola Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG, dende a Presidencia sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.
2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.



6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/10/2018

(Expediente TEdC: 2018/G006/000154)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **581.2018** de 24 de setembro ao **650.2018** de 22 de outubro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2018/G003/000640	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27.09.2018	00581/2018	24/09/2018
2018/G003/000631	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME Expte. 2018/C002/000003	00582/2018	26/09/2018
2018/G003/000634	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS, AGOSTO 2018	00583/2018	26/09/2018
2018/G003/000632	CAMBIO DE IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA	00584/2018	26/09/2018
2018/G003/000641	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00585/2018	26/09/2018
2018/G003/000663	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28.09.2018	00586/2018	26/09/2018
2018/G003/000623	Xustificación de subvencións a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas 2018	00587/2018	26/09/2018
2018/G003/000657	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA AGLOMERADO DE VIAL EN VILAR EXPTE 2017/C002/000016	00588/2018	26/09/2018
2018/G003/000656	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA PAVIMENTACIÓN EN ROSALES E EDUARDO PONDAL (POS+ Adicional 2017) EXPTE 2018/C003/000003	00589/2018	26/09/2018
2018/G003/000658	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA REPARACION DO PAVIMENTO NA PRAZA DO PAN EXPTE 2018/C002/000007	00590/2018	26/09/2018
2018/G003/000625	APROBACIÓN RELACIÓN DE PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURALES DO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES CURSO 2018/2019	00591/2018	26/09/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000662	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE INCLUSION DE NOVOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA "MADRUGADORES" CURSO 2018/2019	00592/2018	26/09/2018
2018/G003/000638	INCIDENCIAS NÓMINA MES SETEMBRO 2018.	00593/2018	28/09/2018
2018/G003/000639	RESOLUCIÓN DA NÓMINA DO MES DE SETEMBRO DE 2018	00594/2018	28/09/2018
2018/G003/000665	ORDENACIÓN PAGO RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/15 DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.	00595/2018	28/09/2018
2018/G003/000630	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3, Nº 4 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REPARACIÓN CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR PAVILLÓN A CASQUEIRA-. 2017/C003/000004. POS+2017.	00596/2018	28/09/2018
2018/G003/000622	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00597/2018	28/09/2018
2018/G003/000635	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -RENOVACIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMENTO EN CABRÍA-, PAS/2015. 2017/C003/000002.	00598/2018	28/09/2018
2018/G003/000664	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA SUBSTITUCIÓN DE TRAMOS DE SANEAMENTO DANADOS E MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE VÍA MUNICIPAL EN OMBRE (Plan de mellora de camiños de titularidade municipal 2018-2019). EXPTE 2018/C003/000005	00599/2018	28/09/2018
2018/G003/000668	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00600/2018	01/10/2018
2018/G003/000670	expediente de aprobación da inclusión de novas persoas participantes nos talleres culturais do Centro Municipal de Maiores curso 2018/2019	00601/2018	01/10/2018
2018/G003/000661	APROBACIÓN PADRONS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE AGOSTO DE 2018	00602/2018	02/10/2018
2018/G003/000672	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO	00603/2018	03/10/2018
2018/G003/000613	ORDE DE EXECUCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DE INMOBLE	00604/2018	09/10/2018
2018/G003/000615	ORDE DE EXECUCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DE MURO	00605/2018	09/10/2018
2018/G003/000624	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00606/2018	09/10/2018
2018/G003/000629	INCOACION DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE	00607/2018	11/10/2018
2018/G003/000673	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE	00608/2018	11/10/2018



	CALIDADE DE VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME Expte. 2018/C002/000013		
2018/G003/000677	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA INCLUSIÓN DE NOVAS PERSOAS PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES 2018/2019	00609/2018	11/10/2018
2018/G003/000666	PRÓRROGA NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA POR PROGRAMA DA ÁREA ECONÓMICO-FINANCIERA.	00610/2018	11/10/2018
2018/G003/000528	PAGO DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ADULTOS DO ENTROIDO DE PONTEDEUME 2018	00611/2018	11/10/2018
2018/G003/000534	APROBACIÓN PAGO DE PREMIOS CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO DE PONTEDEUME 2018	00612/2018	16/10/2018
2018/G003/000667	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 6 (Final) E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA "MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NO NÚCLEO DE VALDEVIÑATOS", PAS-2015. EXPTE.Nº 2017/C003/000001.	00613/2018	16/10/2018
2018/G003/000687	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00614/2018	16/10/2018
2018/G003/000675	Xustificación de limpeza de pistas forestais. Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural	00615/2018	16/10/2018
2018/G003/000681	AUTORIZACIÓNS E XESTIÓN DE CERTIFICADOS DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS E DA AXENCIA TRIBUTARIA	00616/2018	16/10/2018
2018/G003/000676	PAGO TAXAS PUBLICACIÓNS ANUNCIOS NO BOP	00617/2018	16/10/2018
2018/G003/000680	OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS	00618/2018	16/10/2018
2018/G003/000705	LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS PROCESO SELECCIÓN PERSOAL TÉCNICO PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN, CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.	00620/2018	16/10/2018
2018/G003/000708	PAGO DE RETENCIÓNS POR IRPF, MODELO 111 - SETEMBRO 2018	00621/2018	17/10/2018
2018/G003/000704	APROBACIÓN PADRÓNS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE SETEMBRO DE 2018	00622/2018	17/10/2018
2018/G003/000688	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00623/2018	17/10/2018
2018/G003/000711	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 22.10.2018	00624/2018	17/10/2018
2018/G003/000713	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 22.10.2018	00625/2018	17/10/2018
2018/G003/000716	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO. PERIODO: 18.10.2018 DE 10 A 14H.	00626/2018	18/10/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000710	AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00627/2018	18/10/2018
2018/G003/000702	Ampliación do servizo de axuda no fogar (dependencia)	00628/2018	18/10/2018
2018/G003/000660	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS	00629/2018	19/10/2018
2018/G003/000722	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN RELACIÓN PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURALS XERAIS CURSO 2018/2019	00630/2018	19/10/2018
2018/G003/000714	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS, SETEMBRO 2018	00631/2018	19/10/2018
2018/G003/000721	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/17, XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS TURÍSTICAS E DINAMIZACIÓN DA LECTURA "LER CONTA MOITO 2018"	00632/2018	19/10/2018
2018/G003/000621	PRORROGA CONTRATO XEMADE	00633/2018	19/10/2018
2018/G003/000725	NOMEAMENTO TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DO "CENTRO DE INTERPRETACIÓN TORREÓN DOS ANDRADE".	00634/2018	19/10/2018
2018/G003/000707	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/16	00635/2018	19/10/2018
2018/G003/000717	Xustificación da subvención da Axencia de Turismo de Galicia. Colocación de sinais informativas. 2018.	00636/2018	19/10/2018
2018/G003/000671	XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS Ó ABEIRO DA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2017-2018, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO DO CONCELLO DE PONTEDEUME	00637/2018	19/10/2018
2018/G003/000689	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00638/2018	22/10/2018
2018/G003/000690	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00639/2018	22/10/2018
2018/G003/000691	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00640/2018	22/10/2018
2018/G003/000692	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00641/2018	22/10/2018
2018/G003/000693	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00642/2018	22/10/2018
2018/G003/000694	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00643/2018	22/10/2018



2018/G003/000695	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00644/2018	22/10/2018
2018/G003/000696	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00645/2018	22/10/2018
2018/G003/000487	CAMBIO NA TARIFA DE RECOLLIDA DE LIXO	00646/2018	22/10/2018
2018/G003/000538	ANULACIÓN E RECIBOS E BAIXA DO POSTO DO FEIRÓN MUNICIPAL	00647/2018	22/10/2018
2018/G003/000544	RECLAMACIÓN DE DONA NOEMÍ COVADONGA LÓPEZ GARCÍA PORTAXAS DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS DE XUÑO-SETEMBRO 2015 E 2016	00648/2018	22/10/2018
2018/G003/000699	APROBACIÓN PROXECTO DE REFORMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO LOCAL SOCIAL DE VIZÚS E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	00649/2018	22/10/2018
2018/G003/000723	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL 23 DE OUTUBRO E 2 DE NOVEMBRO DE 2018	00650/2018	22/10/2018

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 22 de outubro de 2018.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Partido Popular, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.-Rogamos doten de auga ao pilón

2.-Fai uns días cortáronse varios rapaces con cristais espallados polo céspede artificial da alameda rogamos unha maior limpeza e coidado.

3.- Nos arredores da ponte en Andrade hay varias incidencias, no paso de peóns están as dúas farolas fundidas,falta una sinal de dirección prohibida que caeu xa hai tempo, outra farola fundida enriba da ponte e outra na gasoleira, outra pasando Leite Celta tamén i hai outra no cruce dos Castros e a maleza ocupando as beirarrúas. Rogamos procedan ao seu arranxo e limpeza.

4.- Rogamos pinten as liñas das pistas do pavillón municipal.

5.-Rogamos limpen os contedores tanto subterráneos como en superficie, quéixansenos algúns veciños, incluso algunhos deles estanos a lavar por si mesmos

6.- Rogamos soliciten a quen corresponda o arranxo dos baches na estrada nacional ao seu paso por Pontedeume.

7.- Rogamos máxima celeridade no pago das subvencións aos clubs deportivos,comunicannos que algúns deles teñen sen cobrar o 10% do ano pasado e o 100% deste ano.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- Veciños de Boebre transmiten nos que os lavadoiros e fontes de Alcuín e Sixto, levan anos sen limpar, rogamos procedan ao seu arranxo e limpeza.

9.- Varios páis pidennos que se acondicione a parte do Parque Sarmiento destinada a columpios, quitáronse uns e non se volveron a poñer. Cando no paseo marítimo non se está ben polo vento, aquilo queda resgardado e van moitos nenos pequenos, pero desde que non hai condicións a xente non vai. Decir tamén algunhas pedras do muro están negras coma se fixeran lume nelas, e sería ben limpalas. Polo que pedimos que se volva a acondicionar.

10.- Déronnos as queixas do pésimo estado do Castelo De Andrade en canto a maleza polas paredes do muro, do foso e na torre. Rogamos a súa limpeza.

11.- Rogamos procedan a arranxar os baches dende O Barro pola Rúa Do Empedrado

12.- O atrio da Igrexa Paroquial atópase sucio e con maleza, rogamos baraxen a posibilidade de facer un convenio ou similar coa igrexa e proceder a súa limpeza e arranxo.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP fórmulanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- ¿Poderían dicirnos por onde pensan levar a canalización da tubaxe da auga do pilón?

O Sr. Presidente di que están á espera de que Acciona lles traslade as posibilidades e elixir a mellor opción, se ben non pode ir por debaixo do mercado, se non polas marxes.

2.- ¿Poderíannos explicar a que vertido non autorizado, polo que se abre expediente sancionador, refírese a subdirección Xeral de Xestión de dominio público con escrito de entrada nº 4155 recolleito no punto 3.1.1.2.2 da comisión de goberno celebrada o 28 de Setembro de 2018?

O Sr. Presidente indica que se trata da limpeza de sedimentos da presa da Chancela e indica que se deu traslado á empresa para que asuma os custos.

3.- ¿Para cando está prevista a presentación do novo número de revista Cátedra?

Dña. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo di que para o mes de decembro.

D. Bernardo Fernández Piñeiro fai referencia á carga de traballo da imprenta da Deputación, como o motivo de que se retrase.

4.- ¿Poderíannos explicar cales van ser as actividades para este Nadal 2018??

Dña. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes, di que se está a traballar na programación.

5.- Celebrouse xa o Consello escolar anunciado pola concelleira no pasado pleno?.¿De ser así poderíannos contar que puntos se trataron?

A Sra. Caruncho Corral di que non se puido e que se agarda que se convoque na primeira quincena.



6.- ¿Están a traballar xa na convocatoria das novas prazas da policía local?.¿Cando as van a sacar?

D. José Simoes Couceiro di que se está á espera do informe do departamento de persoal para logo someter a Xunta de Goberno a oferta.

7.- ¿Cal é a situación do edificio que está fronte a FOREMDES, fíxose algo no sentido de darlle algunha utilidade?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se ten enviado a Demarcación de Costas, por ser obxecto dunha concesión desta, o anteproxecto dunha instalación prevista e tendo en conta que ten que ter unha vinculación ao mar, ver se se pode facer o uso que se propuxo.

8.- Referente ás visitas públicas dos BIC.¿Cales son os que non cumpren o artigo 48 da lei do Patrimonio Cultural de Galicia?¿A qué edificio refírese ?

A Sra. Vázquez Busto di que se trata do Torreón e do Castelo de Andrade. Informa que xa está elaborado o texto de ordenanza modificado, pendente de aprobación.

9.- Varios veciños e usuarios afectados cóntannos que a varios coches da Rúa Fontenova rompéronlle os cristais dos coches.¿Pódennos contar que sucedeu?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Emprego, indica que os danos foron provocados durante a realización dos traballos de desbroce.

D.Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que se ten constancia de danos en dous coches.

Queremos expor dúas preguntas abertas ao debate e abertas a buscar unha solución entre todos, suxerimos unha mesa de traballo conxunta para atopar unha solución que satisfaga a todos os implicados:

10.- ¿Tema de pilotes, mandos,tempo de baixada e subida vixilancia, excepcións, etc?

D. José Simoes Couceiro suxire a convocatoria dunha xunta de portavoces. Da conta dos periodos nos que baixan (7:15) e suben (12:15 ou 12:30) e di que este goberno local deus dous mandos dende o principio do mandato.

D. Bernardo di que os criterios son para xente que ten garaxe e para persoas dependentes.

De seguido, prodúcese un debate sobre a situación.

11.- Comunícasenos por usuarios e membros de clubs deportivos a necesidade de maior vixilancia á hora de partidos e outros eventos. ¿Cómo organizar estes eventos?

Dna. Raquel Caruncho Corral di que hai un conserxe que atende dentro do horario que se lle solicita. Valorarase e que, en canto se redacte o prego, incluírase.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.-Limpeza de beirarrúas.

Na zona de Nogueirosa, sobre todo subindo a man esquerda, as silvas imposibilitan o paso dos peóns.

Rogamos limpeza e adecuación desta vía.

2.- Dinamización do comercio.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No pleno anterior a concelleira de comercio afirmou que no mes de outubro íanse levar a cabo campañas de promoción e dinamización.
Pregamos o seu cumprimento.

3.- Seguridade Viaria.

Xa pasaron máis de catro meses (pleno de maio) no que se fixo a petición de reposición dun espello no cruce da estrada e o inicio do camiño a capela de Esteiro.
Solicitamos novamente a reposición deste espello.

4.- Pintado da Avda. Da Coruña.

Logo do pintado desta vía constatouse que hai camiños paos que non se pode chegar (Camiño estreito, zona das Virtudes...)
Rogamos axilicen a solución desta actuación.

5.- Sinal de prohibido o paso a vehículos.

Co traslado do posto de larpeiradas na praza do Conde sacouse o sinal de tráfico que indicaba que non se podía circular por diante do mercado, en dirección rúa Betanzos.
Pregamos a colocación da mesma para evitar incidencias.

6.-Recollida dos restos de cortas.

Na zona do Castro, nas inmediacións ao camiño fíxose unha corta que ten moitos restos (pólas, follaxe...) nas beiras do camiño.
Estes restos poden invadir o paso de vehículos.
Solicitamos unha rápida intervención para a súa limpeza.

7.- Control de cortas.

En ver polas inmediacións do matadeiro houbo cortas.
Rogamos control das mesmas e avaliación dos posibles estragos.

8.- Estacionamento no peirao.

As beirarrúas do peirao están cada día máis cheas de vehículos. Chegando a impedir o paso a persoas con mobilidade reducida.
Pregamos a activación de accións correctivas por parte dos organismos competentes.

Pasando a formular as seguintes **PREGUNTAS**:

1.-Plan normativo do 2018.

No pleno de decembro do 2017 aprobouse un plan normativo para este ano 2018 que contemplaba diferentes eixos de actuación e un calendario que temporalizaba por trimestres.
Xa estamos no derradeiro trimestre do ano.
Que regulamentos ou ordenanzas foron obxecto de revisión ou modificación?
Cales son os de nova creación?
Que ordenanzas fiscais?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hai unha parte que se está preparando e que non se trata dunha cuestión de vontade como de capacidade, pola falta de persoal. Da conta das ordenanzas sobre as que se está a traballar: participación cidadá, mesas e cadeiras, recollida de lixo, BIC´s...

2.- Planet Club.

Iniciado o curso escolar 18/19.
Que programa estable teñen programado para este ano?



Dña. Marta Pico Machado, concelleira de Mocidade, Parques e Xardíns di que están a traballar na programación de actividades, de cara a súa realización os sábados pola tarde a partir de mediados de novembro. Para isto, tense falado coa directora do espazo xove para poder facer conxuntamente as actividades. Sobre a estabilidade desta, valorarase a medida de como vaian funcionando.

3.- Corta de árbores.

Seguen proliferando en diversos puntos os traballos de cortas, algunhas cun uso de maquinaria pesada.

Cal é o control que fai o concello?

Que procedemento se segue para que haxa avais para posibles estragos?

O Sr. Simoes Couceiro di que xa está contestado. Que en rústico só se comunica ao Concello e que corresponde aos gardas forestais o control. Di que o control que se fai por parte do Concello é mediante o policía urbanístico.

Dña. Ana Veira García fai a proposta de pedir que os gardas forestais veñan ao Concello mais a miúdo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que están máis a vixiar a limpeza de fincas e que xa se lle deu traslado de tres talas en concreto.

Sobre os avais, D. José Simoes Couceiro, di que só proceden cando a actividade é en urbano.

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta á modificación da ordenanza.

4.- Acción 107.

Prometeron a instalación dun punto de información dixital onde publicar as actividades programadas e información de interese para a veciñanza.

Será unha realidade para este ano 2018?

Onde?

Dña. Yolanda Vázquez Busto di que solicitaron orzamentos e que todos excedían o límite para a contratación directa, polo que se está á espera da redacción dun prego ou de intentar buscar unha opción máis económica. A colocación sería nas inmediacións da praza de Rosalía.

5.- Memoria Histórica.

Prometida e aprobada en pleno algunha actuación de homenaxe ás vítimas da ditadura.

Para cando?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que en decembro.

6.- Limpeza de sumidoiros.

É preciso facer accións de prevención nos sumidoiros.

Pedimos, máis dunha vez, a posta en funcionamento dun plan de intervención e constatamos que non se leva a cabo xa que hai zonas nas que hai moito tempo que non se limpan os sumidoiros.

Existe este plan?

Van levar a cabo unha limpeza sistemática?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que si que existe e que se leva a cabo unha limpeza sistemática, se ben non se poden facer todos nun día...

Dña. Ana Veira di que na Avda. De Ferrol levan case un ano no que non se pasaron a limpar os sumidoiros.

O Sr. Alcalde di que o traballo que se realiza polo persoal municipal de de vías e obras non é só o de desatascar sumidoiros; que o último que se fixo foi no Empedrado e que esta semana en Castrelo. Conclúe indicando que se actúa conforme aos medios dos que se dispoñen.

7.- Xornadas sobre historia local.

Comprometéronse a organizar unhas xornadas anuais sobre historia local.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Serán para este ano 2018?
Quedarán para o ano 2019 como antesala das eleccións?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que confían en que si. Da conta da incorporación o pasado luns do técnico do centro de interpretación. Adianta que o tema sobre o que versarían as que se organicen serían os Andrade, realzando a figura da muller. Indica que se ten pensado repetir a andaina histórico-cultural aproveitando a instalación da sinalización, dentro da campaña de actividades programadas para o nadal.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

